

5ª Feira de Primavera de Emprendedoras

Artesanía Innovadora no Rural

30
maio



de 10:30 a 18:30
Praza Maior de Lugo

Casetas | Mesas Redondas | Obradoiro | Food Truck e Sesión Vermú

FINANCIA



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL



COLABORA



Feira de Primavera de Emprendedoras de Lugo: Artesanía Innovadora no Rural

Campus Terra – Universidade de Santiago de Compostela

Lugar: Praza da Maior, Lugo

Data: 30 de maio de 2026

Horario: 10:30-18:30 h

Introdución

O Campus de Especialización **Campus Terra** da Universidade de Santiago de Compostela organiza a **5ª edición da Feira de Primavera de Emprendedoras**, que este ano leva por título **“Artesanía e Innovación no Rural”**. Esta iniciativa consolídase como un espazo de encontro e colaboración entre persoas emprendedoras, creadoras, investigadoras e profesionais comprometidas co desenvolvemento sostible e o progreso do rural galego.

Tras o éxito das edicións anteriores —centradas na economía verde e circular, a innovación no rural e os sabores con raíz—, a feira de 2026 pon o foco na **artesanía como motor de innovación e identificación cultural**, integrando as dimensións de **I+D+i, igualdade de oportunidades e valorización das producións locais**.

A actividade contará coa participación de **artesás e artesáns da provincia de Lugo**, así como de entidades, proxectos e administracións vinculadas á promoción da artesanía galega e á transferencia de coñecemento entre o ámbito universitario e o tecido produtivo local.

Obxectivos

- Visibilizar o talento creativo das persoas emprendedoras do rural galego.
- Potenciar o diálogo entre **artesanía tradicional e innovación tecnolóxica**.
- Fomentar a colaboración entre o ámbito académico, o sector produtivo e a artesanía.
- Promover a **igualdade de xénero e o emprendemento feminino** en sectores emerxentes.

Programa

10:30-10:45h : Apertura institucional.

- Roberto Bande Ramudo. Vicerreitor de Coordinación do Campus de Lugo.
- José Alberto Díaz de Castro. Secretario Xeral de Universidades da Xunta de Galicia.
- Representante Caixa Rural Galega.
- Miguel Fernández Méndez. Deputado da Área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento da Deputación Provincial de Lugo.
- Cristina Sanz Arias. Concelleira de Dinamización económica e Relacións Institucionais do Concello de Lugo.

11:00-11:45h: Mesa redonda: *“Xuntas innovamos: cooperación e futuro na artesanía”*.

- Rosa Isabel Rodríguez. Presidenta da Asociación de Redeiras Illa da Estrela de Corme.
- Isabel Pernas. Socia Fundadora de Cooperativa Creativas Galegas.
- Margarita Portomeñe. Presidenta da Asociación Lucense de Artesáns (ASOLUA)
- Marcelo Scapinachis. Presidente da Asociación Profesional de Obradoiros Artesáns da Mariña.
- **Moderador:** Mar Castro. Asociación Mulleres Líderes de Galicia.

12:00-12:45h: Mesa redonda: *“Artesanía circular e con propósito: posicionamento e potencial de vendas”*.

- Lucía Sánchez. Artesá e socia fundadora de JOSEFAS ALDEANA TRENDY S.C (Jerolas y Josefás). Deseño de moda e complementos con teas e materias recicladas.
- Silvia Calvo. Artesá e fundadora de Toda Frágil. Arte en cristal con técnicas de soprado.
- Mar Fraga. Artesá e fundadora de Enmalle Studio. Creación de tapices a partir de redes de pesca recuperadas.
- Estela Insúa. Artesá e fundadora de Pura Garra. Deseño de xoias en madeira con alma.
- **Moderador:** Roni Herrán. Artesá e fundadora de FUI YO.

Zona Gastro:

10:30h-18:00h: Coffe Stand

13:45h-16:30h: Sesión Vermú | Food truck Aeiroa e música con DJ KRon

15:30-18:30h: OBRADOIRO | APRENDE A TECER COA TÉCNICA DE FELPADO OU GORULLO

Impartido por Miriam Fernández. Historiadora da arte e artesá téxtil no Obradoiro Fusaiola en Vilalba.

As persoas asistentes aprenderán a tecer e a empregar as técnicas básicas do gorullo mediante o emprego de teares de sobremesa de peite ríxido, nos cales montarán unha urda de algodón e tecerán con la de cores varios debuxos con esta técnica.

Horario continuado das casetas expositivas de emprendedoras (10:30-18:30h):

A feira contará con **casetas de artesás** da provincia de Lugo, que permanecerán **abertas de maneira continuada** para a exposición e venda dos seus produtos.

- **Bolboretas de Coiro** | Coiro e decoración
- **Iria Pigueiras** | Xoias e cerámica
- **Tecelana** | Lá e complementos
- **Tres Caracoles** | Coiro e complementos
- **Pura Garra** | Xoias e complementos
- **Lanatalum** | Cerámica e decoración
- **A Linda Landra** | Xoias e complementos
- **Ceniza de Papel** | Cerámica e decoración
- **Maria Jul** | Coiro e complementos
- **Péndulo** | Moda e complementos
- **Margarita Portomeñe** | Xoguetes e decoración
- **Crystalinda** | Figuras e decoración
- **Belitroque** | Moda e complementos
- **Fonte Meimil** | Coiro, xoias e complementos
- **Pía Piadosa** | Cerámica e decoración
- **TdeTete** | Moda e complementos
- **Obradoiro Driades** | Xoias e complementos
- **CaponeTheDog** | Moda e complementos
- **Xurumbelas** | Xoias e complementos
- **Manos Inkietas** | Complementos e decoración
- **Viva la Pepa** | Cerámica e decoración
- **Una2Vida** | Moda e complementos
- **Corazón Artesans Lugo** | Cestería e Lá
- **Ohana** | Decoración e complementos